



ANEXO VI: GUÍA COVID-19 PARA ALUMNADO

Esta guía rápida para alumnado ten coma finalidade servir de resumo rápido das medidas que se atopan desenvolvidas no Plan de Adaptación á situación COVID-19 neste curso 2020/21.

- O Centro conta cun Equipo Covid-19 que se encarga da coordinación e xestión de todas as incidencias relacionadas con esta situación. Este equipo está formado pola Dirección do Centro, Xefatura e Servizo de enfermaría.
- Ante calquera sintomatoloxía contemplada na enquisa de autoavaliación, entregada a cada alumno/a que se incorpora ao Centro e disponible como cartelería en cada cuarto, recoméndase **NON SAIR** do cuarto e contactar con persoal do Centro que activará o proceso de intervención coas accións que sexas necesarias. **NON ACUDIR** ao Centro de estudos.
- Cando se estime procedente o illamento do alumno/a, tanto no seu cuarto ou en enfermaría, permanecerá no Centro o menor tempo posible a espera de que os seus familiares se responsabilicen e realicen o traslado para a visita médica no seu centro de saúde de referencia.
- Comunicarase igualmente, o antes posible, calquera contacto estreito con alguna persoa convivente ou non que presente sintomatoloxía compatible.
- Para incorporarse ao Centro despois dunha corentena ou illamento preventivo deberá presentar certificación do seu médico que acredite a situación favorable libre de infección e sen sintomatoloxía
- Respectar rigurosamente as indicacións sanitarias: Manter a habitación ventilada, e recollida, en orde para que se poda realizar unha limpeza axeitada.
- Prestar especial atención os sentidos de marcha sinalizados polos corredores e aos aforos marcados en cada una das salas de estudo, sen esquecer as medidas básicas de uso de máscara e distancia de seguridade, desinfección das zonas utilizadas e hixiene de mans. Por todo o Centro atopanse dispensadores de xel hidroalcohólico e papel desbotable.

- Evitarase na medida do posible grupos de máis de 4 persoas, sin aglomeracións, nin grandes grupos, con especial atención a distancia de seguridade e uso de máscara.
- As comunicacións realizaranse preferentemente por teléfono ou correo, evitando na medida do posible, o uso de papel. O mesmo tamén no caso de xestións administrativas.
- Recomendamos prestar atención a cartelería distribuída por todo o Centro que lembra os aspectos máis relevantes a ter en conta fronte a COVID-19.
- As comunicacións colectivas realizaranse a través da páxina Web do Centro ou por correo-e o alumnado.
- Recoméndase a todas as persoas vinculadas ao Centro a instalación da aplicación móbil **RadarCovid** (oficial, gratuíta e segura)
- Non poderá acceder ao Centro ningunha persoa allea, nin familiares nin compañeiros, nin dentro do recinto e moito menos aos cuartos. O acceso ao centro é exclusivo de traballadores, alumnado e colaboradores bolsellos/as.
- O incumprimento da normativa sanitaria considerase conduta contraria á convivencia e polo tanto será sancionada con todo rigor segundo se establece na normativa do Centro ao amparo da lexislación vixente.

CONFIAMOS NA COLABORACIÓN DE TODO O ALUMNADO E AS SÚAS FAMILIAS PARA QUE OS OBXECTIVOS DO CURSO POIDAN ACADARSE